

Polo Miñor entre terra e mar

Francisco Fernández del Riego

Temos percorrido unha chea de veces os lugares valecos e montesíos que poboan a comarca miñorana. Pero lembramos especialmente os primeiros andares, aínda mozos, por estas paisaxes, agora tan familiares. O río dáballe nome ó val. A orixe das súas augas estaba ó pé do monte Galiñeiro. A corrente fluvial ía debuxando o límite entre os concellos de Gondomar e Nigrán. En Vincios formaba enxurradas caracterizadoras. Entre elas e os piñeiros comezaban paisaxes de gándara. Dábanos a impresión de montaña en plena orla da badía. O Miñor, descendo logo con curso paseniño, chegaba á praia de Sabarís para desembocar na ría viguesa.

Sentiamos o atraemento do río. Amosábanos aspectos de axeitada independencia xeográfica. Non só no seu contorno, senón tamén de fusión coa beira litoral. Ofrecía unha composición de formas desenvolvidas deseguida cara o monte e o mar pola rexa unidade montesía. Tiña por plinio e soleira o segmento de seis leguas de costa. Unha costa dura, penedosa, isocronamente batida pola marea. O río e o val, contemplados desde un bicaño, fornecían perspectivas inesquecibles. Mantemos viva na memoria unha fermosa visión desde o alto de Culleiro, espido, avesío, amigo do vento e das néboas. O val Miñor descubríase como unha labrada esmeralda. Verde, fresco, acariñador, nostálxico.

Gorentábanos baixar polas encostas de A Ramallosa entre piñeirais cara o esteiro. Pararnos na vella ponte coa gracia da súa curva. Ollar o Cruceiro e o peto de Ánimas. Camiñar polas parroquias de expresivos topónimos. Chandebrito, Priegue, Camos, Nigrán, San Pedro, á marxe dereita. Borreiros, Donas, Mañufe, Couso, Peitieiros, na esquerda. Tamén achegarnos ós lugares ande se atoparan vestixios prehistóricos, restos arqueolóxicos da cultura dos castros, cerámicos ou de arquitectura, insculuras rupestres. Mesmo anacos de calzadas romanas.

Pracíanos tamén seguir rutas que nos encarreiraban cara os edificios paxegos, tan abondosos na bisbarra miñorana. Sabido é que os señores galegos do XVIII erixiron para residencia cómodas mansións campestres. Tratábase de mansións sen pretensións, nin esixencia guerreira, malia que algunhas foran reedificadas sobre construcións bélicas. Moitas emprazáronse nas vertentes dos vales. Os brasóns constituían ornamento indispensable tanto por razóns estéticas como sociais. Estaba presente, resumida nas súas armas, a historia das liñas dos propietarios.

No límite da parroquia de Gondomar erguía notoria presenza o Pazo do Conde, antiga casa señorial dos Sarmiento. O seu titular en tempos de Felipe III, Diego Sarmiento de Acuña, exerceu papel significativo. Fixo a defensa do Val Miñor en Monterreal, fronte ás tropas de Drake, e foi embaixador en Inglaterra. Preto de Gondomar, en Mañufe, atopábanse as casas fidalgas de Baludio e de Fontán. En Vilaza, as dos Vilares, de Pampillón, de Barreiro. En San Fiz de Nigrán, os pazos de Cadaval e de Cea. O da Touza, en Camos.

Deixabamos as terras moles, nutrices do val, cos vellos pazos solarengos, encamiñándonos á beira marítima. Situabámonos en Panxón, lugar de arcaico avoengo. Nos días da dominación romana existiran alí vilas e residencias señoriais. O castro que se ergue sobre o mar testemuña que había algo que gardar e que defender. Fronte á enseada que cingue ó outeiro, en breve altura, o "Templo Votivo do Mar", obra de Palacios. Orixinal, con certa grandiosidade, de acento moderno, aínda que inspirado en estilos históricos. Case ó pé gustábanos evocar o

que fora templo visigodo, quizais do século VI. Era fermoso o arco triunfal que se conservaba, suscitador da evocación. Subimos ata o cume de Monteferro. Batemos co monumento ergueito en memoria das vítimas do mar, deseñado polo arquitecto Gómez Román. Desde o alto albiscamos unha paisaxe de singular beleza. Alá, ó lonxe, sobre o horizonte dos derroteiros atlánticos, presidía a imaxe bronceada da Virxe da Rocha.

Un día e outro era o paseo polo longo areeiro que vai de Panxón á base da cuíña de Lourido. Compracíanos continuar a paseata arredor do monte. Tamén situarnos, ás veces, no cabezo do outeiro de San Pedro, na outra banda. Desde esta miranda dexergabamos o Lourido fronteiro coas súas árbores reflectidas nas augas encorgadas de A Foz. Descendiamos cara Santa Cristina da mesma Ramallosa. Pasada a Ponte, seguimos camiño a Baiona.

Quedou sempre na nosa lembranza aquela visión primeira, agaveando a partir de aquí ata o monte da Groba. Temos presente aínda o espectáculo da cabalgada salvaxe que contemplabamos. Eguas bravas de Valga, Morgadáns, Torroña, Mougás. No escenario montuno o agallopou dos cabalos salvaxes. Fixabamos a atención nas faenas da rapa das bestas, da marcaxe, das vendas e mercas. Avivecíase o noso interese ollando a cabalgada de eguas e poldriños. Aburábana os olleadores, valéndose de longas pértegas. Obrigaban así os cuadrúpedes a se xuntar e facelos trotar en bruidosa troupeleada cara o encerro. Bravíos, belos, xa estaban no curro. Escoitabamos os seus rinchos, presentiamos os seus corcovos entre nubarróns de po.

Alá embaixo, nos derrames do ríspido monte, atopábase a estrada á beira da costa brava, penedosa. Era un panorama ben diferente das paisaxes do Miñor. Contrastaba rudamente co dos horizontes de mar e terra miñoranos. As parroquias dos concellos de Nigrán, Gondomar e Baiona que os conformaban ofrecían ó visitante acolledora habitabilidade. Por iso resultaba a zona que cubrían típico espazo de expansión residencial.

Velaí algunhas das impresións que nos produciu a primeira viaxe ó fermoso val. Impresións anovadas en sucesivos percorridos pola comarca cada ano, durante os meses estivais.